

Follas do Cineclube | 09/03/2022

NATUREZA MORTA

(طبیعت بی جان [Tabiate bijan],

Sohrab Shahid-Saless, Irán, 1974, 93', VOSG)

02

(Tirado de "A Dissident Cinema: New Wave Films and the End of an Era". *A Social History of Iranian Cinema, vol. 2: The Industrializing Years, 1941-1978*. Durham: Duke University Press, 2011, p. 393-398)

Shahid Saless naceu en Teherán, recibiu formación en produción cinematográfica en Austria e Francia, e comezou a realizar filmes a finais dos 80 como empregado contratado polo Ministerio de Cultura e Artes, cun soldo de 9.000 tománs ao mes. Realizou vinte e dous documentais e curtametraxes alí, moitos deles sobre artes escénicas e danza, deseñados para a distribución no estranxeiro a través das embaixadas e os consulados iranianos. Dirixiu a súa primeira longametraxe, *Un simple acontecemento* (Yek Etefagh sadeh, 1973), co pretexto de estar a traballar nun filme de vinte minutos. Ao contrario que [Parviz] Kimiavi, que tiña unha visión do mundo polo xeral optimista e expansiva e un estilo lúdico e aberto, Shahid Saless era pesimista e seguiu un estilo cinematográfico recesivo e fechado. A súa acción (posta en escena cun meticuloso naturalismo chekhoviano) está filmada cun estilo de corte minimalista e formalista: ritmo lento; unha cámara principalmente estática e contemplativa tendente ás tomas longas, aos planos longos, e aos movementos de cámara lentos; e unha preocupación pola vida da xente normal nas súas rutinas cotiás, reproducida cunha distancia irónica e obxectiva. O espazo é fechado e predeterminado, o tempo está parado ou pasa moi lento. Ao contrario que algúns cineastas da nova vaga, Shahid Saless polo xeral evita o simbolismo.

Un simple acontecemento trata sobre as rutinas cotiás dun estudante, que vive en Bandar Shah, no remate da liña ferroviaria sur-norte, co seu pai, un mariñeiro alcohólico, e a súa nai enferma que vai morrer logo. Como ten que axudar no negocio de contrabando de peixe do pai e coidar da nai, está retrasado nos estudos e obrígano a facer deberes e traballo extra no tempo do recreo mentres o resto dos estudantes están a xogar. Esta triste e monótona vida contrastaba fortemente co momento no que foi filmada, a celebración do vixésimo quinto aniversario da monarquía iraniana. As personaxes están interpretadas por actores non profesionais, pero o filme trata esa xente normal con dignidade, a dignidade que o estado negaba aos seus cidadáns. Os críticos eloxiárono, e influenciou aos cineastas que estaban a xurdir, como Kiarostami. Jamal Omid dixo que era unha obra "sincera, nobre e chea de verdade", Feraidun Moezi-moqaddam caracterizouno como "un longo poema" e Jamsheed Akrami, xogando co seu título, chamouno "un acontecemento significativo". O propio Shahid Saless dixo del que era "o filme máis nobre que fixen na vida". Con este filme transcendental conseguiu un nome a nivel nacional ao gañar o principal premio á dirección no segundo Festival Internacional de Cinema de Teherán. En 1998 foi publicada postumamente unha antoloxía bilingüe inglés-persa que incluía o guión do filme, entrevistas co director e recensións críticas, para celebrar o vinte e cinco aniversario deste filme pequeno pero importante.

A primeira proba do seu estilo realista e minimalista agromou neste filme, un estilo que se intensificaría co seu exilio en Alemaña. Exponse máis enfaticamente no seu seguinte filme, *Natureza morta*, producido pola Cooperativa de Cineastas de Vanguarda e [Parviz] Sayyad, que constitúe un rigoroso traballo de gran forza que catapultou a Shahid Saless ao escenario internacional. Filmado en once días, significou un gran avance cinematográfico para el. A súa experimentación formalista creou un retrato sensíbel dun gardabarreira ancián e a súa familia, que viven nun illado cruce de camiños rural. A súa atención aos detalles cotiás e aos matices dos sentimentos suprimidos e as relacións, combinados coa representación, a un tempo crúa e poética, da vida do gardabarreira, da súa familia, e da súa xubilación que se achega, tiveron un poderoso impacto nos públicos nacional e estranxeiro. O tempo pasa lento pero inevitábel como un río calmo pero mortalmente poderoso, que varre todo ao seu paso. O gardabarreira e a muller son obrigados a abandonar a súa casa para deixar sitio a un novo gardabarreira e o seu fillo é recrutado, deixándoos sos. Nunha escena que semella durar minutos, a vella muller do gardabarreira, filmada nun primeirísimo primeiro plano, tenta enfiar unha agulla para arranxar o uniforme do fillo. Coa vista cansada e os dedos trementes téntao varias veces pero falla; molla o fío e téntao unha e outra vez, coa cámara aguantando o plano. Nunha proxección pública á que asistín, cando finalmente conseguiu pasar o fío polo cu da agulla, o público da sala de cinema estoupou nun aplauso exultante. No último plano do filme, o gardabarreira mírase a si mesmo durante certo tempo no deteriorado espelliño pendurado da parede. Ve anos de memorias dunha vida silenciosa, comendo, fumando e durmindo nese cuarto coa muller? Ou ten unha visión dun futuro incerto e escualido, unha visión enfática cando retira o espello para marchar, revelando a parede estragada que hai detrás? A escena pode ser vista como un "estadio do espello" invertido: a ollada do vello sobre si mesmo non produce un eu empoderado descolocado como o Outro ou o seu resultante

SOHRAB SHAHID SALESS

HAMID NAFICY

sorriso de xúbilo. O que ve é a realidade do rostro dun vello derrotado que perde terreo ante a modernidade e a mocidade. Hipnotizado, segue a fitar.

Tanto *Un simple acontecemento* como *Natureza morta* foron ao Festival Internacional de Cinema de Berlín, onde ambas as dúas levaron premios, esta última o Oso de Prata (ao mellor filme). Estes premios trouxeron aos iranianos unha caste de orgullo, contribuindo a revertir a violencia epistémica da modernidade. Ironicamente, os iranianos (mal) identificáronse no espello escuro que Shahid Saless sostiña diante deles. Que filmes como os de Shahid Saless viraron nunha fonte de orgullo era evidente na recensión do crítico Feraidun Moezimoqadam na revista Sinema 53: "Síntome orgulloso e honrado. Os meus amigos internacionais parabenizárame, e os estudantes e residentes iranianos en Alemaña (mesmo os que son críticos) están encantados e orgullosos... Penso que a maior recompensa que recibiu Shahid Saless foron as olladas compasivas dos iranianos que se trasladaron a Berlín desde toda Alemaña e foron testemuñas de que non ía volver a casa coas mans baleiras, grazas aos seus filmes". En Irán, só *Natureza morta* tivo exhibición pública, e só nunha sala, Capri Cinema. Foille sorprendentemente ben. A pesar do seu éxito, ou se cadra precisamente por iso, o goberno non lle deu ao director un permiso de produción para o seu seguinte filme, *Corentena* (Qarantineh), provocando que Shahid Saless se exiliara voluntariamente en Alemaña, onde en vinte e tres anos realizou quince filmes. O exilio internacionalizou os cineastas iranianos dunha maneira máis fundamental que a súa formación no estranxeiro ou a participación en festivais de cinema. Dos filmes que Shahid Saless fixo no exilio, o único que se exhibiu en Irán antes da revolución, nun auditorio cheo da Sociedade Cultural Iraniano-Alemá, unha das sedes do Festival Internacional de Cinema de Teherán, foi o seu *Lonxe de casa* (*In der Fremde / Dar Ghorbat*, 1975), coproducido pola Cooperativa de Cineastas de Vanguarda, Telfilm, e a compañía Probis de Hamburgo, con Sayyad no papel principal. Como no resto dos seus filmes de exilio, este mantéñese afastado dos asuntos iranianos, pero ocúpase dun tema persoal: a vida como inmigrante nun inhóspito país estranxeiro. Con este filme a estética de forma pechada do director volveuse máis prominente. Trata dos obreiros turcos con traballos temporais en Alemaña. Un traballador alienado chamado Hussein (Sayyad) mantén un emprego esmagadoramente rutineiro como operador, machucado pero confiábel, das máquinas monstruosamente ruidosas dunha fábrica. Aínda que o traballo lle fornece ingresos e unha ansiada estrutura, é unha prisión. A súa vida austera fóra da fábrica está cargada de medo e soidade, as súas tentativas de entrar na sociedade alemá fracasan. Mesmo compartindo un ateigado apartamento comunal con outros traballadores inmigrantes, séntese illado. O único contacto de Hussein é un home novo chamado Kalim, que asegura ter unha moza alemá. Pídelle diñeiro prestado a Hussein para manter a súa relación, un diñeiro que aposta e nunca devolve. Ao final, a rapaza resulta ser imaxinaria, unha figura de desexo na que ambos os dous buscaron un punto de referencia

no medio da súa total deslocalización. Unha carta urxente obriga a Kalim a volver a Turquía, un retorno temido, hipotecando o seu soño de liberdade e conexión con Alemaña, mesmo se a súa experiencia real de Alemaña estaba ben lonxe do idílico soño alemán doutro lugar (*Fernweh*). Nesta representación distópica da volta do exilio, *Lonxe de casa* nadaba a contracorrente dos filmes acentuados que celebraban regresos reais ou imaxinarios. O propio Shahid Saless nunca volveu a Irán.

O que o crítico do *L.A. Reader* Dan Sallitt anotaba sobre o último filme de Shahid Saless, *Utopía* (Utopia, 1982), é certo tamén para os seus primeiros filmes. El sostiña que un dos moitos logros do realizador nese filme era o reforzo mutuo do concreto e o simbólico. "O comportamento concreto evita que o filme aboie nos reinos do metafísico, e a abstracción do estilo dálle á historia un estraño sentido de universalidade sen forzar as demandas de realismo". A proxección de *Lonxe de casa* no Festival Internacional de Cinema de Berlín, a controversia sobre que non gañara o premio principal, e as noticias dos seus premios en todo o mundo axudaron a manter o nome de Shahid Saless e do cinema da nova vaga iraniana nos círculos cinematográficos internacionais. A continua internacionalización de Shahid Saless e outros directores da nova vaga a través das súas viaxes ao estranxeiro, o seu exilio en Europa e nos Estados Unidos, e as proxeccións das súas películas nos festivais internacionais contribuíron á percepción dun "cinema nacional" en Irán durante o período pahlavi.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [@cineclubedecompostela@gmail.com](https://facebook.com/cineclubedecompostela)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MAR
2022

2 DE MARZO

NATUREZA MORTA
(Natureza morta, Susana de Sousa Dias, Portugal-Francia, 2005, 72', VOSG)

9 DE MARZO

NATUREZA MORTA
(طبیعت بیدان [Tabiate bijan], Sohrab Shahid-Saless, Irán, 1974, 93', VOSG)

16 DE MARZO

NATUREZA MORTA
(三峡好人 [Sānxiá hàorén], Jia Zhangke, China-Hong Kong, 2006, 111', VOSG)

23 DE MARZO

NATUREZA MORTA
(Still Life, Bruce Baillie, EUA, 1966, 2', VO)

NATUREZA MORTA
(Stilleben, Harun Farocki, Alemaña, 1997, 58', VOSG)